



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2017/18 |
| Asignatura (*) | Prácticas externas | Código | 613836006 | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013) | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | | Correo electrónico | | |
| Profesorado | Alonso Ramos, Margarita Gonzalez Garcia, Luis Vazquez Veiga, Nancy | Correo electrónico | margarita.alonso@udc.es luis.gonzalezg@udc.es nancy.vazquez.veiga@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>As prácticas externas consistirán na actualización das competencias adquiridas no mestrado nun entorno profesional real. Teñen como obxectivo principal achegar o alumnado ao ambiente laboral nos distintos ámbitos profesionais sobre os que podería orientar a súa actividade futura.</p> <p>Anualmente publicarase a oferta de prazas de prácticas. As prazas ofertadas serán adxudicadas segundo criterios académicos.</p> | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecemento dos principios básicos, as técnicas fundamentais e algúns resultados destacados da investigación actual en lingüística. |
| A3 | Capacidade para distinguir e aplicar axeitadamente os distintos métodos de investigación en lingüística. |
| A5 | Capacidade para a selección axeitada de datos lingüísticos en función do método de investigación elixido. |
| A6 | Coñecemento das principais áreas da lingüística aplicada. |
| A7 | Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística...). |
| A8 | Obtención dun nivel de formación teórica que permita comprender e vulgar criticamente a bibliografía lingüística especializada. |
| A9 | Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.) |
| A10 | Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, e sistemas de aprendizaxe de lingua asistida por ordenador. |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B4 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades. |
| B5 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo. |
| B6 | Capacitación dos estudantes para que adquiren coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos. |
| B7 | Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar. |
| B8 | Capacidade dos estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora. |



| | |
|-----|--|
| B9 | Capacidade dos estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais |
| B10 | Capacidade dos estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster. |
| C3 | Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolvemento para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Comprensión da importancia da cultura emprendedora e coñecemento dos medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|--------------------------|---------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Aplicar os coñecementos obtidos no máster na resolución de problemas nos distintos campos da lingüística aplicada. | AI1 AI3 AI5 AI6 AI7 AI8 AI9 | BI5 BI7 BI8 BI9 | |
| Contribuír ao desenvolvemento de actividades e/ou instrumentos para a xestión efectiva das tarefas demandas nas empresas e institucións onde se desenvolvan as prácticas. | AI5 AI7 AI9 AI10 | BI2 BI5 BI8 | CM3 CM6 |
| Colaborar de forma efectiva co persoal das empresas e institucións na mellora dos servizos ofrecidos. | AI1 AI7 AI8 | | CM4 CM6 CM7 CM8 |
| Responder a situacións, problemas e requirimentos propios do desempeño profesional. | AI3 AI5 AI7 AI8 AI9 AI10 | BI5 BI6 BI8 | CM3 CM6 CM7 CM8 |
| Xestionar o tempo con eficacia para desenvolver as tarefas durante o transcurso da práctica atendendo aos prazos establecidos. | | BI7 | CM4 CM5 CM7 |
| Redactar unha memoria sintética das tarefas e as aprendizaxes no desenvolvemento das prácticas. | | BI4 BI10 | |
| Desenvolver o sentido da responsabilidade e a implicación persoal. | | | CM4 CM5 CM6 CM7 CM8 |



| | | | |
|--|------|---------------------------------|-----|
| Desempeñar a práctica profesional con iniciativa e creatividade. | AI9 | BI2 | CM5 |
| | AI10 | BI5 BI6 BI7 BI8 BI9 | CM8 |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| Realización de prácticas externas nun entorno profesional | Os lugares de realización das prácticas serán empresas relacionadas cos sectores de planificación e asesoramento lingüístico, xestión e asesoramento en medios de comunicación, relacións internacionais, ámbito editorial, empresas e administración pública, ensino de linguas, etc. |
| As tarefas que desempeñarán os estudantes detallaranse no seu plano de traballo. | As tarefas encomendadas poderán ser de revisión e corrección lingüística na lingua da súa especialidade, de apoio no ensino de linguas, a elaboración de corpus específicos, a edición dixital, a tradución directa ou inversa entre linguas da súa especialidade, a creación de contidos dixitais, a preparación de materiais especializados, etc. |

| Planificación | | | | |
|------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Traballos tutelados | B4 B10 | 0 | 8 | 8 |
| Prácticas clínicas | A1 A3 A5 A6 A7 A8 A9 A10 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | 140 | 0 | 140 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | Elaboración da memoria de prácticas, seguindo as orientacións xerais do titor/a académico e do titor na empresa. Observación: A denominación de "traballos tutelados" débese a que a aplicación informática non recolle ningunha opción metodolóxica axustada á memoria de prácticas. |
| Prácticas clínicas | As prácticas consistirán na aplicación nun entorno profesional dos coñecementos adquiridos no conxunto do mestrado, tanto no módulo de formación xeral, como nos das especialidades. Observación: A denominación de "prácticas clínicas" débese a que a aplicación informática non recolle ningunha opción metodolóxica axustada ás prácticas externas. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Prácticas clínicas Traballos tutelados | O titor na empresa e o titor académico proporcionarán as orientacións necesarias para o desenvolvemento do seu traballo e para a elaboración da memoria de prácticas. |

| Avaliación | | | |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| | | | |



| | | | |
|---------------------|--|---|----|
| Prácticas clínicas | A1 A3 A5 A6 A7 A8 A9 A10 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | A avaliación terá en conta a actividade realizada polo/a estudante na empresa ou institución en que realizou as prácticas. Para isto a a persoa que o titoriza na empresa ou institución remitirá un informe da súa actividade. | 50 |
| Traballos tutelados | B4 B10 | O estudante deberá realizar unha memoria da súa actividade segundo as indicacións que se lle facilitarán. | 50 |

Observacións avaliación

A cualificación será realizada pola comisión académica do mestrado, que poderá delegar nunha comisión específica establecida a estes efectos.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | Con carácter xeral, non procede a utilización de fontes de información específicas neste caso. Con todo, nalgúns entornos de prácticas, o/a estudante poderá ter que manexar as fontes de información que lle foron indicadas polo seu titor. |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías